

Xullo-Agosto, 2005

canalciencia.com

Boletín das novas da ciencia

[Portada](#)[Contacto](#)

Ilusións visuais n'A Coruña



As mellores creacións no eido das ilusións ópticas están n'A Coruña. Por primeira vez máis de 800 investigadores da ciencia da visión xuntáronse para escoller a *Mellor ilusión visual do ano*. A cita é no **Congreso Europeo de Percepción Visual (ECVP 2005)** no Pazo de Congresos d'A Coruña.

O primeiro premio outorgouse aos estadounidenses **Arthur Shapiro e Justin Charles** por *Os alicerces da ilusión móbil*, un traballo no que as figuras quietas parecen moverse grazas a unha sinxela técnica.

O segundo clasificado foi o inglés **George Mather**. Unicamente con tres fotogramas logrou crear a película *Motor de dous tempos*, na que unha motocicleta avanza por un bulevar sen fin.

O terceiro premio caeu nas mans de **Dejan Todorovic** por *Arco esquivo*, un encaixe de dúas pezas que non casan entre elas, creando un cadro no que, dependendo do punto de vista, poden verse dous arcos diferentes.

© Canal Ciencia